

Isto remata. Ao igual que moitas cousas nesta vida. Seguramente aínda non nos acostumamos aos finais. Aínda que, naide botará en falta os malos recordos. E, indiscutiblemente, os bons finais quedan gravados como pegadas de lume na parte máis recóndita da nosa memoria. Nos recordos. Os recordos son a máquina que impulsa a vida que aínda está por chegar. A forza que produce o pensamento de ter a posibilidade de que algo volva a pasar. Aínda así, nada será igual. Os recordos son momentos reflectidos na liña do tempo na nosa vida. E cada un estará debuxado con diferentes cores e diferentes matices. Nunca poderás volver ás sensacións daquel recordo. Poderás comer miles de xeados, pero ningún será coma o primeiro. Poderás repartir infinitos bicos, pero perderanse na infinidade do recordo do primeiro, que aínda que seguramente non sexa o mellor, a nosa mente dicide dálle a honra de ser recordado como un gravado na capela sixtina da nosa vida. Os recordos e as sensacións non marchan a lugares descoñecidos, soamente quedan gardados con chave na caixa forte da nosa memoria. Porén, hai algúns que poden vir a nosa mente frecuentemente. Ademais das primeiras veces, seguramente tamén queden gravadas as últimas, o curioso é que nunca saberemos cando ocorren estas, simplemente serán as derradeiras emocións que se esvaeceran como cinzas na noite de San Xoán entre os últimos alentos do noso corpo.

Case todos dicen que o importante nas actuacións e nos acontecementos é o comezo e o final. Persoalmente, discrepo. É verdade que o final das obras é o fotograma que quedará gravado na túa mente e do cal te acordarás cando queiras relatar o que viches. Porén, aínda que vexas unha película oitenta veces seguramente sempre quedes coa mesma escena, a máis sorprendente. Porque aínda que a persoa da que te encontres namorada che diga adeus, aínda que deixe o teu corazón en ruínas, ti sempre recordarás aquel "te quero". Inmarcesibles momentos que pasarán como fotogramas pola túa mente. Os momentos favoritos, os lugares favoritos. Porque cando te encontres na peor das situacións, o recordo daquela aperta, daquelas palabras, ou daquel recendo, provocará unha sensación de mellora instantánea no teu ser. E como dicía, aínda que as historias rematen, na nosa mente quedarán as palabras que fixeron xurdir no noso interior un atisbo de emoción.

Aínda así, está claro que se intentamos rememorar algún recordo, este non será igual. E deberíamos sentirnos afortunados deste feito. Porque as nosas meniñas non mirarán igual, a nosa voz soará distinta, o pensamento cambiará en anos luz. As persoas somos evolución constante, o tren da vida non espera e as paradas son infinitas nos espazos da nosa memoria. As experiencias da nosa vida fan que esta cambie a nosa forma de ver o mundo. Por iso din que non hai que volver ao lugar onde se foi feliz. Porque esa felicidade non será a mesma que buscas neste momento. Medramos como as árbores buscando un atisbo de luz na escuridade na que vivimos. Por iso cando a encontramos, as nosas follas xa non son as mesmas. Porén, a nosa esencia non debería cambiar.

Durante estes 21 días intentei falar galego case todo o tempo. Aínda que algunhas veces se me escapou algún castelanismo creo que non foi tan mal. Finalmente deime conta do que levara agochado na miña memoria durante anos. O galego é moito máis bonito, eu xa o sabía, obviamente, pero seguramente por adaptación decidín falar castelán. De pequena sempre falei galego ata que cheguei á escola. Eu observaba como todos falaban castelán e sentía que ao mellor non encaixaba. Despois todo foi costume. O castelán implantouse na miña lingua como unha lapa nas rochas da praia. E nestes días, coma ese recordo do que estaba falando, volveu a min, cun recendo novo. As pegadas que quedaron agochadas no

meu cerebro da nosa lingua volveron a florecer. E como xa dixer, os recordos que máis fondo se encontran, os que non desaparecen, son os favoritos. O galego volveu a min recordando as sensacións daqueles tempos. Foi coma unha memoria da miña infancia máis temperá. Porque non era igual, aínda así como todos, aquela pequeniña galegofalante medrou, co bon e co malo. O galego non sabe igual nos meus beizos que cando era nena, aínda así, as vogais seguen sonando igual, as bolboretas seguen percorrendo cada recuncho da miña boca. A verdade é que esta experiencia foi unha volta indescriptible as miñas orixes, porque aínda que fale galego na casa, o feito de poder falalo en calquera sitio faime sentir máis cómoda, aínda que debería ser ao contrario, xa que hai xente que non ve moi ben que falemos galego, eu sentín que unha parte da miña personalidade volvía cada vez máis para instaurar en min unha forza antes descoñecida.

Por isto, non debemos perder a nosa lingua. O galego fai que atopemos as nosas orixes na infinidade dos recordos. Seguramente non todos terán as mesmas experiencias ca min nin lles fará sentir as mesmas sensacións. Porén, cada un de nós debemos sentirnos identificados ca nosa terra. Porque cando sae o Sol na costa de Lugo a min só me sae a palabra alborada. Porque cando na Terra Chá encontro voando no ceo aqueles seres preciosos que parecen vidos de novos mundos inexplorados, eu só sei dicir andoriñas; porque cando miña avoa coce naquel forno de pedra que viu pasar as estacións da miña vila e as xeracións da nosa familia, eu só sei dicir que me encanta o recendo a bolo; porque sempre, cando as esperanzas recaen e a vida deixa de brillar, cando de nena os meus ollos se enchían de bágoas que viaxaban incesantes polas miñas meixelas, eu só quería colo. Porque cando pido un desexo, só penso en xoaniñas. Porque cando estou fóra da miña terra, o único que invade o meu corazón é a morriña. A verdade é que non podemos deixar que esto se esvaeza entre a ignorancia dunha sociedade que está demasiado centrada nos mundos superficiais, e que non se decata do esencial.

En realidade aínda que esta experiencia remate, eu espero seguir falando a nosa lingua todo o que poida, ademais meus pais están moi contentos de que por fin volva a falar como cando era pequena. En min xa vemos reflectida o moito que pode influír a sociedade nos comportamentos das personas, naide debería sentirse fóra de lugar por falar a súa lingua, e isto é un traballo que se debe facer para todos os ámbitos. Aínda que non será moi fácil se nin sequera as altas esferas intentan falar galego (ou fano mal). Porque Galicia xa está cansa de dar un paso adiante e outro atrás, necesitamos persistir para non perdernos a nós mesmos.

O que me dá máis mágoa de que remate esta experiencia é que seguramente non escriba tanto como o ía facendo. O tempo é efémero nunha vida que vai demasiado rápido. As horas do día non chegan para conseguir todas as arelas que queremos cumprir. Aínda así, intentarei escribir algo máis para fomentar a miña creatividade, que por agora está algo escasa. Foi un pracer poder expresar os sentimentos no papel (neste caso no ordenador), e agradezo moito o feito de poder decidir facer algo como rutina. O escribir, aínda que non sexa da mellor forma sempre, foi unha liberación para min, poder mostrar o que sinto sen ter que dicilo a berros. As historias son planetas infinitos nos que podemos mergullarnos para evadirmos do mundo. Moitas veces iso é moi necesario. Aínda que non sexa fácil, todos deberíamos ter unha vía de escape para poder mostrar o que temos dentro. E estou segura de que o mundo necesita expresarse. Porque algúns decántanse pola música,

outros pola pintura... O que está claro é que calquera maneira de reflectir o noso interior será unha obra de arte do noso pensamento. Porque esperemos que estas queden gardadas nos museos da nosa psique, e se podemos, da de moitos. Por iso, espero que dende agora as miñas obras queden gravadas na miña memoria, e tamén na dos que teñen a suficiente sensibilidade como para observalas, pero sempre, en galego.